



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Señor alcalde mayor,
mande prender los ladrones
que tiene usted una hija
que roba los corazones.

O cantar do arrieiro
éche un cantar mui baixiño / noviño
emprenpicipia en Ribadavia
remata no Carballiño.

/: Paso río, paso fuentes
siempre te encontro lavando, :/
/: a hermosura da túa cara
a auga cha vai levando. :/

/: “Dame un bico, Maruxiña,
que che hei de dar un pataco.” :/
/: “Non quero bicos dos homes
que me cheiran a tabaco.” :/

VI 1571b

Maruxiña, Maruxiña,
a do refaixo encarnado,
a mala lingua do pueblo
xa cho leva remendado.

“Dame un bico, Maruxiña,
que che hei de dar un pataco.”
“Non quero bicos dos homes
que me cheiran a tabaco.”

VI 1026f

/: A Maruxa vai na fonte,
moito tarda que non veñe :/
/: ou rompeu o cantariño
ou moitos amores teñe. :/

Ben che dixer, Maruxiña,
que non foras a Santiago
/: que che va de meter medo
o velo santo a cabalo. :/

(...)



IV 664

O cura de San Vicente
ten un buraco na frente
que llo fixeron os ratos
por comelo pan quente.

IV 449d

[As nenas] de San Vicente
son pequenas e redondas:
comen castañas con leite,
tiran peidos como bombas.

O cura cuando vai fóra
deixalle dito á criada:
“Veña tarde, veña cedo,
deitate na miña cama.”

Non quero, non quero,
non quero bailar
nin quero que poñan
a mau na saía.
Que son casada,
que son casada,
que si fora solteira
tanto me daba.

Sácate desa ventana,
cara de sardina frita,
que eres capaz de asustar
a las ánimas benditas.

Sácate desa ventana,
puchero de cocer mocos,
no digas a la mañana
que te rondaron los mozos.

Sácate desa ventana,
no seas tan ventanera,
que la cuba de buen vino
no necesita bandera.

Sácate desa ventana,
cara de sardina frita,
que eres capaz de asustar
a las ánimas benditas.